



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente administrativo núm.: 2023/G005/000001

Asunto: delegación de atribucións da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde

Tendo que ausentarme do termo municipal durante o período comprendido do día 20 ó 23 de outubro de 2025, ámbolos dous inclusive e non podendo exercer por tal motivo as funcións propias da Alcaldía.

De conformidade co disposto no artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; os artigos 61.3 e 63 da Lei 5/97, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e os artigos 43, 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

RESOLVO

Primeiro. Delegar durante o período comprendido do 20 ó 23 de outubro de 2025, ámbolos dous inclusive, a totalidade das atribucións permitidas legalmente, no 1º tenente de alcalde, don Eulogio Constantino Castiñeira.

Segundo. Comunicarlle a presente resolución ao 1º tenente de alcalde e dar traslado da mesma, aos distintos Servizos Municipais.

Terceiro. Dar conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Cuarto. Publicar esa delegación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Mándoo e asínoo en Laxe, o 16 de outubro de 2025

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García